

SEN PROXECTO PARA DIVULGALO E APLICALO

"Escandalosa parálise" da Xunta co decreto de galeguización do ensino

Nova Escola Galega reprocha que mentres abrollan agresivas campañas con "falsidades" sobre o decreto, a Consellaría de Educación estea deixando a súa aplicación real en "papel mollado".

* Anterior: "Ser mestre hoxe": renovación pedagóxica en clave de país

Redacción - 10:00 30/03/2008

Tags: Consellaría de Educación decreto galeguización Nova Escola Galega

"Acaso pensa a Consellaría que a publicación dun decreto serve para cambiar automaticamente a realidade?". Sen aforrar críticas, así se pronuncian desde o colectivo **Nova Escola Galega**, movemento de renovación pedagóxica que cumpre este 2008 o seu vinte e cinco aniversario traballando no país coa loita pola normalización lingüística como dos seus eixos principais de actuación.

Malia advertir das limitacións do decreto aprobado o pasado verán para o regulamento do uso e a promoción do galego no sistema educativo, Nova Escola Galega, NEG, subliña o seu apoio á normativa xa que consideran que de aplicarse realmente podería "contribuír" a avanzar na corrección "da desigualdade lingüística clamorosa a que se ve sometido o galego".

Pero mediado o curso escolar 2007-2008, NEG láíase de que "non se levasen a cabo actuacións dirixidas á necesaria divulgación dos obxectivos e dos contidos do decreto entre os membros da comunidade educativa e na sociedade, en xeral". Consideran desde o colectivo que do mesmo xeito que calquera iniciativa legislativa ten que ser difundida entre os sectores afectados, máis aínda debora existir unha estratexia desde o Goberno ao respecto dun decreto "tan importante como este".

Un texto que ameaza quedar "só no papel"

Oito meses despois de que o Diario Oficial de Galicia publicase o decreto, NEG reconece o "desánimo" fronte á actitude da que acusan á Consellaría de Educación. "Pouco máis fixo que publicar o decreto", din, lamentando que non se adoptase aínda ningún tipo de medida que permitise ver que a presunta vontade de mirar polo galego nas aulas vai ser algo máis que "un texto legal" que semella estar quedando apenas nun "papel".

Segundo denuncia a asociación, a situación é máis grave aínda dadas as "actuacións anti-decreto" desenvolvidas nos últimos meses por determinados colectivos e formacións políticas que "están difundindo falsidades" sobre a norma. Na opinión difundida por NEG este sábado, á volta da súa XXIV asemblea, o Goberno debería estar xa nesta altura difundindo, a través de Educación, unha información "clara e transparente" ao respecto do decreto, explicando as "razóns pedagóxicas e sociais" que levaron a promulgarlo e ofrecendo unha oferta de formación do profesorado en temas como planificación lingüística educativa ou didáctica do ensino en dúas linguas. Recordánlle ademais ao executivo que dispoñía dunha oportunidade perfecta para este traballo durante este curso aproveitando a celebración do Ano Internacional das Linguas. "Ou é papel mollado a aposta pola lingua propia e polo plurilingüismo contida na Declaración de París, que o goberno galego subscribiu en febreiro deste ano?", preguntánselle desde Nova Escola Galega.

★★★★★ 5/5 (6 votos)

Imprimir Compartir

Comentarios (2)

#1 hai 34 minutos Garrano

1ºPASO: O PP forma parte da ponencia que redacta o decreto e en razón do consenso obriga aos demais grupos a acatar uns mínimos que son homologables aos levados por eles adiante en Valencia ou Baleares.

2ºPASO: O PP salta no último momento do consenso e retira o seu apoio ao decreto, xa de paso, promove unha campaña contraria ao decreto, DIFAMANDO, contra dos obxectivos do mesmo con sobredose de demagogia e victimismo.

3ºPASO: Medios de comunicación, algúns habitualmente máis proclives ás políticas do PSOE coma Localia e Faro de Vigo, prestan especial apoio á plataforma GB.

4º PASO: Política Lingüística omite levar adiante o decreto legalmente en vigor. Desestima a ofensiva de GB sen levar adiante campaña ou denuncia contra as difamacións e inxurias que se están a espallar masivamente.

5º PASO: A Mesa comeza unha campaña pantasma de apoio ao decreto da que non se sabe nada de nada, coma única acción de contraofensiva a parte de denunciar a inoperancia da secretaria xeral de P.L.

Un panorama ben optimista!

#2 hai 3 minutos mceleiro

Muito bem explicado, Garrano.

Só engadir que CIG-Ensino, galegoescolantes e demais moínantes que supostamente traballan pola normalización da lingua calan a boquinha. Convocan a unha manifestación o día das Letras para facer o paripé e tema arranjado.

Manda carallo, um decreto ridículo, de mínimos minimísimos e nem sequer se cumpre!

No que não concordo é no que a secretaria geral de política linguística é inoperativa. É tremendamente operativa. Na castelhanização da sociedade galega.



NOVA Escola Galega

Identidade Publicación Documentos Actividades Grupos de traballo

Inicio

XXIV Asemblea Xeral de NEG

Este sábado, día 14 de marzo, tivemos lugar a nosa 24ª Asemblea Xeral de NEG, convocada para o día 14 de marzo de 2008, na sede da Consellaría de Educación, en Santiago de Compostela. A reunión foi convocada polo colectivo de renovación pedagóxica e de galeguización lingüística e didáctica do ensino en dúas linguas, coa finalidade de avaliar o traballo realizado durante o curso escolar 2007-2008 e de adoptar as decisións que se derivan da súa actuación.

¿Como aconteceu?

Na tarde de NOVA ESCOLA GALEGA, o día 14 de marzo de 2008, un congreso de carácter aberto, un momento crucial de debate, coa finalidade de avaliar o traballo de renovación pedagóxica e de galeguización lingüística e didáctica do ensino en dúas linguas, coa finalidade de adoptar as decisións que se derivan da súa actuación.

NEG Gleda sobre os

Inicio

Social e Altermundo

Todos os países son pederastas

Irimia

Polo dereito a vivirmos en galego'

Galego.org

Labregos e indixenas brasileiros protestan contras as hidroeléctricas

Lusofonia